

## II Xornada de Divulgación Científica do Patrimonio Arqueolóxico Lucense: As covas: portas a outros mundos.

Eirós (Triacastela), Valdavara (Becerreá) e A Valiña (Castroverde)



**RAMÓN FÁBREGAS VALCARCE.-** Licenciado en Filosofía e Letras pola Universitat Autònoma de Barcelona, Doutor en Historia pola UNED. Foi profesor titular na Universidade de Vigo, na USC e na UNED. Desde o ano 2000 é catedrático de Prehistoria da USC.

Participa en numerosos proxectos de I+D a nivel autonómico, estatal e internacional. Investigador pertencente o GEPN-AAT do Departamento de Historia da USC,(Grupo de estudos para a Prehistoria do NO Ibérico. Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio). Responsable do proxecto de

escavación, documentación e estudo dos materiais do xacemento de Valdavara 3 e tamén das actuacións arqueolóxicas no xacemento de Cova Eirós.

Dirixiu varias teses doutorais, traballos de fin de grao e traballos de fin de máster. Ten en torno a 200 publicacións en libros, capítulos de libros e artigos en revistas nacionais e internacionais. Impartiu varios relatorios e comunicacións en Congresos e reunións científicas nacionais e internacionais. Participou en comités e representacións internacionais. Ten experiencia na organización de congresos, seminarios e xornadas científico-tecnolóxicas.



**ARTURO LOMBERA HERMIDA.-** Licenciado en Historia pola USC. Nos anos 2004-2006 cursou en Tarragona o Máster Europeo *Erasmus Mundus de Arqueología del Cuaternario i Evolución Humana* (URV/IPHES). Investigador pertencente o GEPN do Departamento de Historia da USC e do *Institut Catalá de Paleoeconomía Humana i Evolución Social* (IPHES). No período do 2009-2013 foi bolseiro da Fundación Atapuerca.

Codirector desde o ano 2006 das intervencións arqueolóxicas levadas a cabo en Cova Eirós e nos xacementos da Depresión de Monforte de

Lemos, enmarcadas dentro do proxecto de investigación *Ocupaciones Humanas durante el Pleistoceno medio/Holoceno en las comarcas orientales de Galicia*.

A súa principal liña de investigación versa na tecnoloxía lítica, centrándose no estudo tecnolóxico e experimental dos conxuntos líticos en cuarzo e cuarcitas de varios xacementos de Europa occidental, especialmente nos conxuntos do NW da Península Ibérica. A segunda liña de investigación céntrase no poboamento antigo do NW ibérico e a súa relación co resto da Península Ibérica. Os resultados das súas investigacións foron publicados en diversas revistas, congresos e monografías a nivel internacional e nacional.



**JOSÉ CÉSAR LLANA RODRÍGUEZ.-** Doutor en Historia pola USC. Tras unha etapa na que exerceu a profesión de prehistoriador, accede ao mundo dos museos onde ten sido bolseiro (Museo Distrital de Setúbal e no Servizo de Museos da Xunta de Galicia), auxiliar (Museo do Castro de Viladonga) e técnico (Museo Etnolóxico. Ribadavia), centro este do que é director na actualidade. Ten publicacións no ámbito da prehistoria, a arqueoloxía e na antropoloxía visual; desenvolveu actividade docente en varias universidades.

Foi codirector da escavación arqueolóxica da cova da Valiña realizada entre os anos 1987 e 1988.



**IGNACIO MARTÍN LERMA.-** Licenciado en Historia coa especialidade de Prehistoria e Arqueoloxía pola Universidade de Murcia, Doutor en Prehistoria. Na actualidade é profesor contratado no Departamento de Prehistoria da Universidade de Murcia e vicedecano de Cultura e Comunicación da Facultade de Letras de la Universidade de Murcia. É director de escavacións arqueolóxicas, entre as que destaca a *Cueva del Arco* en Cieza. Realizou estancias científicas nas Universidades de Lisboa, Bristol, Siena e México. Os seus traballos foron presentados nos máis importantes congresos de Prehistoria.

É un gran amante da divulgación científica e impartiu numerosas conferencias e charlas en multitude de centros e universidades. É o creador do blog "PaleoPlaneta". No mes de marzo do 2018 foi galardoado co premio *Ruralmur* á investigación polos seus traballos no Paleolítico da rexión de Murcia. Dirixiu diversos documentais relacionados coa súa liña de investigación arqueolóxica.



**CARLOS FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ.-** Licenciado e Doutor en Xeografía e Historia pola USC, coa especialidade de Prehistoria e Arqueoloxía. A súa tese doutoral tratou sobre *Los macromamíferos en los yacimientos arqueológicos del Noroeste peninsular: un estudio económico*.

Profesor axudante de Universidade na Universidade de León desde 1998, é profesor titular de Prehistoria na Universidade de León desde 2003. Foi decano da Facultade de Filosofía e Letras da ULE entre 2008-2012 e vicedecano no período 2004-2008. Subdirector do Departamento de Historia entre o 2012-2016, na actualidade é director da área de Estudos de Grao da Universidade de León desde o 2016. Membro do *Instituto de Estudios Medievales de la Universidad de León* desde o 2012.

Dirixiu varias teses doutorais, ten en torno a 150 publicacións en libros e artigos en revistas nacionais e internacionais. Impartiu varios relatorios e comunicacións en Congresos e reunións científicas nacionais e internacionais.



**AURELIA BALSEIRO GARCÍA.-** Licenciada con grao en Xeografía e Historia pola USC coa especialidade de Museoloxía (1985-1990). DEA (1993). Investigadora especializada no campo da ourivería prerromana.

Case cen publicacións en revistas, prensa, boletíns, actas de congresos e conferencias relacionadas coa arqueoloxía do ouro, o patrimonio, a historiografía, o arte, os artistas, os museos, etc. e libros sobre orfebrería castrexa: *Oro prerromano en la provincia de Lugo* (1994); *Diademas prerromanas de oro. Análisis iconográfica y simbólica de la diadema de Ribadeo / Moñes* (2000). *O Torques de Burela. A xoia do noso patrimonio* (2013).

Directora do Museo Provincial de Lugo desde o outono de 2008, onde coordina os departamentos científicos e os programas de conservación, de coleccións (documentación e investigación) e de exposición.



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO  
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

